

## REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO ACORDO DE GARDACOSTAS

Santiago de Compostela 19/04/23

### SEGUIMIENTO DO RÉXIME DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS E HORARIOS DO PERSOAL DE GARDACOSTAS:

Logo de trasladar que a Comisión leva desde o ano 2019 sen recibir as previsións das carteleiras semestrais, tal e como así se viña facendo, instase por parte das OOSS presentes na reunión a que se dea traslado das previsións con carácter previo á súa publicación nas distintas Unidades Operativas por si procedera algunha alegación ao respecto das mesmas.

De igual forma a Consellería queda en redactar un documento que regule os motivos polos que pode haber adaptación ou cambio nas carteleiras, tal e como se reflicte no artigo 7 da Orde do 2 de maio de 2006.

### SITUACIÓN DO SERVIZO DE GARDACOSTAS TRAS A MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DO MAR

A Consellería expón que tras a recente modificación da RPT, na que crearon os postos de patrón, mecánico e vixilante-mariñeiro, nas Unidades Operativas de Ferrol e Portosín, a Consellería procedeu á súa **oferta mediante comisións de servizo**. Como consecuencia desa oferta está prevista a cobertura dos **postos que queden sen cubrir por medio de persoal interino**.

UGT considerou na negociación da RPT que a **creación** de postos era **insuficiente** e que deberían haberse creado máis prazas a fin de **facer efectiva a operatividade das bases nas tres quendas que deben cubrirse**. En todo caso consideramos imprescindible que se proceda a **cobertura mediante persoal interino alí onde sexa necesario para garantir a prestación do servizo**.

### A SEGUNDA ACTIVIDADE:

A **Lei 2/2004**, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, no artigo 9 regula a segunda actividade concibíndoa como unha **situación administrativa especial** na que poderá encontrarse o **persoal funcionario** do Servizo de Gardacostas de Galicia que, pola súa idade, **non se atope capacitado para o desenvolvemento das tarefas características do servizo**, podendo, polo contrario, prestar outro tipo de servizos á consellería competente en materia de Pesca. O artigo 10 da mesma Lei determina que o para o pase a segunda actividade o **único requisito** será o de ter cumpridos os **58 anos para a escala técnica** e os **55 para a executiva e a de axentes**. A provisión dos postos da segunda actividade, que a mesma Lei prevé, no artigo 11, concreta que adscrición farase tras **concurso de méritos**, debendo ter a consideración de **mérito preferente o de ocupar praza na mesma localidade**. A previsión que realiza o artigo 11 ao respecto de reservar unha porcentaxe determinada de prazas para a segunda actividade foi concretada dotando á **RPT de 4 prazas**, que

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	886 132 759	pontevedra@ugt-sp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

levan sen cubrirse desde a súa creación, considerando a Consellería que debe promoverse o concurso sobre as 4 prazas dispoñibles.

**UGT está de acordo co desenvolvemento do concurso**, posto que entendemos que son **7 anos perdidos** de dotar de eficacia á segunda actividade, polo tanto debe abrirse o máis pronto posible. Sobre a súa posta en marcha consideramos que debe **buscarse a fórmula máis áxil de implementación**, entendendo que pode ser a **propia Consellería a que convoque**, como se fai na Consellería do Medio Rural no seu acordo de segunda actividade.

Neste punto parece interesante recordar o que trasladaba a en reunión da Comisión de seguimento a Consellería o día **9 de marzo de 2017**:

*Que é a intención da Consellería a de dar inicio ao procedemento para a segunda actividade en Gardacostas. Sinalando que a normativa establece o requisito da idade (55 e 58 anos) e a preferencia para aqueles que concursen dentro da mesma localidade. **Diante da limitación de requisitos e méritos, están abertos ás propostas das OO.SS.** e, considerando que dotar ás prazas nunha localidade concreta beneficiaría a traballadores da mesma localidade, **propón que se oferten 7 postos sen definir as prazas e se reconvertan en prazas de segunda actividade aquelas das que son titulares os 7 aspirantes que acaden maior puntuación.***

*No relativo aos **méritos computables**, serán **obxecto de valoración coas OO.SS.**, se ben posibilitase **considerar a antigüidade, idade, necesidades de conciliación familiar ou enfermidade grave que impida o embarque.***

*En canto ás **funcións** a realizar como segunda actividade, propónse un **criterio negativo** (relacionar aquelas **funcións propias que non serán realizadas** por quen acceda a ditas prazas) en vez de definir funcións concretas a desempeñar polos traballadores en segunda actividade.*

*Entre a próxima semana e a seguinte remitirase ás OO.SS. proposta escrita do exposto*

**O escrito nunca chegou...**

UGT e mediante escrito remitido á Consellería, en outubro de 2018, formulabamos a seguinte proposta:

- 1. Crear prazas de segunda actividade dentro do Servizo de Gardacostas que se dediquen a labores administrativas nas distintas oficinas das Unidades Operativas, extensibles aos traballos que xeren os distintos almacéns e con dispoñibilidade horaria, tendo o dereito a percibir a totalidade das retribucións básicas e complementarias que viñan percibindo antes do pase a esta situación, tal e como determina o artigo 9.3 da Lei 2/2004.**

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

2. As prazas deben ser **de nova creación e non amortizar** prazas do servizo, como se ven facendo ata o de agora.
3. Consideramos que a **adscripción** débese ter en conta no concurso de méritos, e por esta orde:
  - a. **Antigüidade.**
  - b. **Non atoparse capacitado para o desenvolvemento das tarefas características do servizo.**
  - c. **Ocupar praza na mesma localidade.**
4. Tal e como argumentamos, en todos os destinos do persoal de Gardacostas (Celeiro, Coruña, Muxía, Ribeira, Vilaxoán, Pontevedra e Vigo) poderíanse crear prazas de segunda actividade para tarefas administrativas, respectando deste xeito a praza na mesma localidade, posto que non existe na actual configuración da RPT prazas de persoal con contido administrativo.

UGT e en consideración ao debate aberto na Comisión, ademais do xa proposto en anos anteriores, engadimos que a Orde do 27 de maio de 2005 pola que se establece a oferta formativa da **Escola Galega de Gardacostas**, regula no seu artigo 1 que: *A organización, desenvolvemento, control e financiamento dos cursos e actividades formativas levadas a cabo na Escola Galega de Gardacostas correspóndelle á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Para no artigo 2 concretar que: “Os destinatarios da formación ofertada na Escola Galega de Gardacostas serán todos os membros integrantes do Servizo de Gardacostas de Galicia...”*.

## A modo de conclusión:

- Todos os axentes do Servizo de Gardacostas estean operativos ou na segunda actividade éelles de aplicación a Orde do 2 de maio de 2006.
- O ideal e ao que debe camiñar a Consellería é que en cada Unidade Operativa, incluíndo na Subdirección Xeral de Gardacostas houberse prazas dispoñibles de segunda actividade para desenvolver **actividade administrativa**, cubertas por persoal de Gardacostas que por idade ou por cuestións físicas ou de enfermidade non puidesen desenvolver traballos con dificultade para a súa situación.
- **Poñer en funcionamento a Escola Galega de Gardacostas e dotala de persoal so Servizo que polos motivos anteriores pasen á segunda actividade**, aproveitando a súa profesionalidade e experiencia dos axentes e así formar aos axentes novos que entran e reciclar aos que están operativos no servizo, xa que a lexislación sofre cambios continuos (autonómica, estatal e da UE) aplicables ás actividades de Gardacostas, ademais de iniciar as áreas formativas que contempla a Orde do 27 de maio de 2005, no seu artigo 3, formación: Formación náutico e marítimo-pesqueira, en seguridade marítima, en coñecemento do medio e bioloxía pesqueira, en seguridade alimentaria, inspeccións e organizacións de controis oficiais dos produtos de orixe mariña destinados ao consumo humano, en loita contra contaminación mariña e en mergullo profesional.

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	